A POESÍA DE POSGUERRA (1936 -1975)



1. INTRODUCIÓN.
2. A POESÍA NO EXILIO
   2.1. Características da literatura e da poesía no exilio.
   2.2. Escritores e obras.
      2.2.1. Luís Seoane.
      2.2.2. Lorenzo Varela.
      2.2.3. Emilio Pita
      2.2.4. Florencio Delgado Gurriarán.
      2.2.5. Ernesto Guerra da Cal.
3. A POESÍA DA POSGUERRA NO INTERIOR
   3.1. Xeracións e tendencias literarias.
      3.1.1. A xeración do 36.
         3.1.1.1. Tendencias literarias.
         3.1.1.2. Autores e obras.
      3.1.2. A promoción de enlace.
         3.1.2.1. Tendencias literarias
         3.1.2.2. Autores e obras.
      3.1.3. A xeración das Festas Minervais.
         3.1.3.1. Tendencias literarias
         3.1.3.2. Autores e obras.
4. MODELO DE COMENTARIO
5. ANTOLOXÍA DE TEXTOS

1. INTRODUCIÓN

1936 puxo fin a unha das etapas –política e cultural- máis brillante da nosa historia. A Guerra Civil supuxo unha creba histórica e cultural en Galicia.

En poucos días pásase da aprobación do Estatuto de Autonomía á sublevación dos militares. Iniciándo así **«A longa noite de pedra».**

A represión desta época non só afectou á política senón tamén a todos os ámbitos da nosa cultura:

- Prohíbese o uso do galego.
- Desaparecen editoriais, prensa e institucións.
- Época de mortes e paseados (Ánxel Casal, Alexandre Bóveda).
- Desaparecen as coleccións Céltiga e Lar que pretendían implantar o hábito lector en galego.
- Desaparece a Editorial Nós tras o asasinato do seu director Ánxel Casal.
- O Seminario de Estudos Galegos ve como o seu traballo é destruído.
- A Real Academia Galega sofre tamén as consecuencias e ten que admitir membros simpatizantes co novo réxime.

Como consecuencia de todo isto, moitos intelectuais tiveron que exiliarse forzosamente (E. Blanco Amor, Castelao, Luís Seoane, Dieste...) e será na diáspora onde leven a cabo o seu labor político e cultural. Grazas a eles a literatura subsistíu e estimularon a actividade cultural da Galicia interior.

No exilio non se publicaron unicamente obras inéditas, senón que se reeditaron algúns dos clásicos máis importantes: obras de Pondal, Rosalía, Curros... e tamén se crearon editoriais (Galicia, Citania, Emecé editores), revistas (*Galeuzca, Vieiros...*) e programas radiofónicos. A radio serviu ademais para dar a coñecer os idearios dos grandes oradores como Castelao.

E será neste contexto onde unha corrente poética que obtera un éxito fulgurante na Galicia interior, iniciará a súa andaina na voz de Luís Seoane e Lorenzo Varela: **o socialrealismo.**

Mentres na Galicia interior o estancamento literario prevalecerá ata a década dos 50, concretamente a data clave é 1947 cando se publica a obra de Aquilino Iglesia Alvariño *Cómaros verdes* que rompe o silencio dos anos anteriores.

Atendendo aos estudos feitos por Claudio Rodríguez Fer[1] apuntan que se temos en conta conxuntamente a actividade interior e mais a do exilio, pódese afirmar que a creación literaria non chegou a interromperse.

Segundo isto, nós analizaremos por un lado a poesía feita no exilio, e por outro a levada a cabo no interior, onde daremos conta das tendencias poéticas, xeracións, obras e autores.

[1] En *Poesía Galega*, 1989, Ed. Xerais.

2. A POESÍA NO EXILIO

2.1. Características da literatura e da poesía no exilio.

— A literatura non deixa de ser máis que unha das múltiples facetas culturais que exiliados e emigrantes se propuxeron levar adiante. O xénero máis cultivado foi o poético, aínda que tamén se deu un pulo decisivo ao xénero dramático[2].

— Predominio de contidos reivindicativos xa que se intentaron publicar libros con temáticas prohibidas na Galicia do interior. A emigración masiva do pobo galego é outro tema frecuente.

— Publícase literatura intimista na que destaca a saudade do desterrado polo que deixou atrás no espazo e no tempo: a paisaxe natal, os amigos e/ou amores, a infancia e mocidade, coa sensación de baleiro interior.

— No ámbito estilístico e na poesía notamos semellanzas coa literatura que aquí deixaron os escritores: influencias do hilozoísmo e do vangardismo e prosaísmo (verso longo, estilo realista e coloquial) para a temática socialrealista ao estilo de Celso Emilio Ferreiro.

— A literatura salvou o galego culto escrito dunha posible desaparición e animou os escritores represaliados a continuar a loita por e para Galicia.

— Como ocorre en moitas épocas e en moitos lugares a literatura foméntase a través dos centros galegos e das tertulias. Non era menos no exilio: a tertulia do Café Tortoni da Avenida de Maio de Bos Aires concentra as inquedanzas de numerosos exiliados: Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado ou Luís Seoane, entre outros.

2.2. Escritores e obras.

2.2.1. Luís Seoane (Bos Aires, 1910 – A Coruña, 1979)

Avogado, pintor, ilustrador, guionista, locutor e poeta foi un dos máis destacados activistas no exilio. Xunto con Castelao promulgou un galeguismo político de base marxista que non foi moi ben acollido polo galeguismo da Galicia interior nucleado arredor de Galaxia.

Escribe os seguintes poemarios:

Fardel do exiliado (1952), centrado na emigración; *Na brétema, Sant-Iago* (1956), no que evoca a Galicia medieval; *As cicatrices* (1959), de temática histórica; *A maior abondoamento* (1972) no que trata a emigración, o civismo e a recreación histórica.

[2] Cómpre recordarmos algunhas das numerosas compañías de teatro que representaron moitas das obras escritas: *Compañía Maruja Villanueva, Teatro Popular Galego...*

O vento empurrou as barcas dos emigrantes na mar
cara estas grises lonxanas cibdades de engano
feitas de presa, de aceiro, de cemento, sen ar,
por almas lixadas de númaros, de ouro estrano,
enxoitas polo despoxo i-o constante trafegar.

Luís Seoane: fragmento de
«Emigrantes nunha data calquera»

2.2.2. Lorenzo Varela (A Habana, 1916 – Madrid, 1978)

Afiliado ao Partido Comunista e participante na fronte republicana na Guerra Civil, ten que exiliarse e en 1940 chega a México onde participa en diferentes actividades culturais, xunto con Seoane e Arturo Cuadrado. Publica *Catro poemas pra catro gravados* (1944), ilustrado por Seoane e prologado por Cuadrado, desenvolve cadros de personalidades históricas galegas: María Pita, María Balteira, Roi Xordo e mais o bispo Adaulfo.



Pero, sen dúbida, a súa obra máis significativa é *Lonxe* (1954). Dúas temáticas dominan o poemario, unha mítico-histórica centrada na Guerra Civil e as súas consecuencias e outra nucleada ao redor da ausencia da Terra, o exilio e a saudade que provoca ese estrañamento.

Poema de esperanza na Galicia do futuro, tempo no que se acadará o ideal de patria galega tan defendido por Castelao a quen se lle dedica este poema.

Castelao

Cando cheguen os tempos non cegados
cando canten as mans traballadoras
nas doídas manceiras dos arados
e nas salgadas redes pescadoras,

Galicia ceibe tallará o teu nome
nas alturas do Pórtico da Gloria
para que falen os anxos cun home
que leva a patria enteira na memoria.

Unha nova Galicia sen cadea,
que non esportará máis sangue humán
nin asoballará unha man allea:

Unha Galicia nova, a de mañán
que xa vén alborando, xa clarea,
no peito arrolará teu soño irmán

Lorenzo Varela, *Lonxe*

2.2.3. Emilio Pita (A Coruña, 1909 – Bos Aires, 1981)

Colaborador de prensa, organizador de conferencias e actividades literarias diversas, escribe en 1942 o seu primeiro poemario: *Jacobusland.* Ilustrado por Castelao, trata da traxedia da Guerra Civil española. Séguenlle *Cántigas de nenos* (1944), *Os relembros. As cantigas* (1959), *O ronsel verdegal* (1964), *Serán* (1974) e *Polos camiños do pobo* (1963), obra póstuma escrita para un concurso literario.

2.2.4. Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo de Valdeorras, 1903 – México, 1987)

Exiliado en México, foi un dos directores da revista *Vieiros*. Principiou a súa obra ligado á estética hilozoísta de Amado Carballo –a que se manterá moi fiel- co libro *Bebedeira* (1934). En *Galicia infinda* (1953) recolle boa parte da súa obra posterior, no que aparecen desde evocacións paisaxísticas da Terra da que está ausente, de ton formalmente próximo ao modernismo, ata o exotismo dos seus «Poemas mexicanos».

2.2.5. Ernesto Guerra da Cal (Ferrol, 1911 – Lisboa, 1994)

Profesor e catedrático da Universidade de Nova York, escribe en galego reintegrado *Lua além-mar* (1959) e *Río de sonho e tempo* (1963), con influencias vangardistas.

Non toques a lembrança
branca frol de penuxen
que do sopro mais leve
se dispersa no ar

O calix que contén
o vinho do recordo,
é cristal de saudade
e quebra só de olhar

Nunca voltes do esilio
en procura de aromas
do remoto xardín dos anos idos
—o teu retorno os tornará perdidos
e xa máis nunca os poederás lembrar

Deixa a memoria livre
inventar a verdade
das cousas que pasaron—
sen pasar.

Ernesto Guerra da Cal, *Lua de além-mar*

3. A POESÍA DA POSGUERRA NO INTERIOR

A poesía, igual ca narrativa, sofre unha longa paréntese na inmediata posguerra, de tal xeito que non se pode falar de recuperación lírica ata ben entrada a década dos 50. Porén, non podemos esquecer os seus **antecedentes:**

- De 1938 é a primeira obra que racha a mudez literaria: *O amor, o mar, o vento e outros gozos* de Ángel Sevillano. A seguinte é *Do ermo* (1946, 4ª edición), de Noriega Varela.
- En 1947 publícase *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño.
- En 1949 créase a colección poética Benito Soto, que chega a publicar nove libros en lingua galega.
- Grazas á empresa editorial Bibliófilos Gallegos tamén saíron á luz diferentes obras.
- O suplemento cultural do xornal santiagués *La Noche*, dirixido por Borobó (Raimundo García Domínguez) tamén favoreceu a difusión da poesía nun ambiente hóstil desde o punto de vista político e cultural.
- O proxecto cultural creado arredor da **Editorial Galaxia,** no que se incluía a revista *Grial*, de 1951 (e da cal saíron 4 números), e a loita polo galeguismo culturalista deron un certo pulo á publicación en lingua galega, esforzo realmente heroico ante a situación de menosprezo cara ao galego.

É na década dos 50 cando emerxe de novo a poesía galega. Se ben nun primeiro momento non experimenta cambios significativos con respecto ao que se fixo na preguerra, si contribuíu, de maneira decisiva, á continuidade lingüística e literaria.

3.1. Xeracións e tendencias literarias.

X.L. Méndez Ferrín[3] sinala tres xeracións poéticas de escritores que, nadas en épocas moi distintas, acaban publicando simultaneamente cando as condicións de represión franquista así o permiten. Estas xeracións denomínanse:

- **Xeración do 36:** na que se inclúen escritores como Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e Pura Vázquez.

- **Promoción de Enlace:** que reúne poetas como Antón Tovar Bobillo, Manuel Cuña Novás e Luz Pozo Garza.

- **Xeracións das Festas Minervais:** con Manuel María, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña ou o propio Méndez Ferrín.

Fóra destas agrupacións quedan dous poetas importantísimos: María Mariño e Luís Pimentel.

3.1.1. A xeración do 36.

Agrupa escritores nados entre 1910 e 1920, todos eles marcados polo trauma da guerra e seguidores dunha ideoloxía esquerdista máis radical que o Grupo Nós, do cal tomaron maxisterio.

3.1.1.1. Tendencias literarias

As tendencias poéticas que seguiron estiveron coaccionadas polo réxime franquista en tres vías:

— Predominio de **contidos paisaxistas** e **intimistas,** así como da **poesía neotrobadoresca,** sen os valores vangardistas que a fixeron singular na época de preguerra. Así temos a obra *Seitura* de Fermín Bouza Brey, *Dona do corpo delgado* de Álvaro Cunqueiro e *Cancioneiro de Monfero* de Xosé Mª Álvarez Blázquez.

O **intimismo** foi unha das tendencias maioritarias, en moitas ocasións en estrofas e versos clásicos: sonetos, verso hendecasílabo...

— Escisión da nosa literatura coa que se facía en Europa. Debido á censura e ao illamento de España co exterior non se puideron asimilar tendencias literarias foráneas.

— Aparición da **poesía existencialista** e **relixiosa**, por exemplo na obra de Díaz Castro. Este existencialismo, que era unha reflexión sobre o ser humano, estivo acompañado dun forte pesimismo (motivado quizais polos millóns de mortos e pola miseria humana que sementaron os fascistas).

[3] *De Pondal a Novoneyra,* Ed. Xerais. Seguimos este libro para analizar as xeracións desta época tendo en conta que isto é sempre algo arbitrario.

Só de maneira serodia, na década de 1960, ten entrada a **poesía socialrealista** ou de denuncia, a máis interesante desde o punto de vista temático. Supuxo a recuperación da poesía cívica perdida desde Ramón Cabanillas. O libro de inicio desta tendencia foi *Longa noite de pedra* (1962) de Celso Emilio Ferreiro.

3.1.1.2. Autores e obras

- **AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO** (Abadín, 1909 – Santiago, 1961). O seu labor literario abrangue dúas épocas, a de posguerra, e a de preguerra, as dúas marcadas pola súa formación clásica no Seminario de Mondoñedo que lle permite coñecer escritores gregos e latinos. De aí que traduza clásicos latinos ao galego e exerza como catedrático de latín.

Na preguerra escribe: *Señardá* (1930): libro de 50 sonetos con influencias do saudosismo e do modernismo de Ramón Cabanillas.

> *SCENTILA nos céios o pranto d'as estrelas.*
> *Pervagan pol-a umbría as nimphas, de mans dadas.*
> *E a miña i-alma triste soña que vai con elas*
> *por mil carreiros brancos de rosas desfolladas.*
>
> 1º cuarteto de «Auras de Grecia»

Corazón ao vento (1933): a diferenza do anterior, destaca o poliestrofismo e o verso curto popular, ás veces sen rima. Libro máis atrevido nas imaxes que utiliza por influxo de Amado Carballo.

> *Era un mencer de San Xoán.*
> *Bañaba-se tras dos pinos,*
> *como unha ninfa, a mañá*
>
> *O sol –un sátiro louro-*
> *desfollóu nos salgueirás*
> *unha gargallada de ouro.*
>
> *Era un mencer de san Xoán.*

Da posguerra temos: *Cómaros verdes* (1947) libro paisaxístico influenciado polo hilozoísmo e o neotrobadorismo. A paisaxe expresa a súa intimidade e o desexo de regresar ao paraíso da nenez. Destaca a polimetría e a rima libre.

Esta é a mar dos solpores recendentes a mazás coloradas
debaixo, asolagados, fondos vales
e alboradas con páxaros de rabos longos de silencio.

Esta é a mar, triste sombra desgazada
de altísimos montes cheos de neve,
que pelengrinaron soles inmensos e senlleiros.

Xa nin montes de neve nin soles recén nados.
Mais a súa sombra, sí, mar sin consolo,
a súa sombra de auga, amargues bágoas.
A súa sombra leal, triste lamento e longa noite.

Onde aqueles montes altísimos
que aconchegaban contra o teu seo
o rebrilo das súas craras cabeleiras?

Fragmento de «Esta é a mar dos solpores», dentro da parte titulada «Cabrifollos e oucas» de *Cómaros verdes.* Destaca a magnitude da natureza nun panteísmo (*altísimos montes, soles inmensos e senlleiros*) que case fere a sentimentalidade do poeta ao recordala e ao decatarse de que xa non queda nada máis que a lembranza (*onde aqueles montes..?*). A través do tópico do *ubi sunt* o poeta fai unha sentida elexía ao que se perdeu no tempo.
Repárese na sinestesia do primeiro verso "*solpores recendentes a mazás coloradas*".

Outras obras do escritor son: *De día a día* (1960), onde xorde a paisaxe chairega cun ton descritivo e confidente; *Lanza de soedá* (1961), poemario sobre a reflexión da vida, do home e da morte como o destino derradeiro; *Nenias* (1961), conxunto de cantos fúnebres dedicados a escritores galegos.

- **XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO** (Parga, 1914 – Lugo, 1979). Cunha formación clásica semellante á de Aquilino Iglesia, este escritor dedicarase á docencia privada en Madrid e á tradución.

  É autor dunha única obra, *Nimbos* (1961), onde destaca a relixiosidade e o sentimento telúrico, isto é, a importancia da terra que el volve mítica. Rebélase contra a vida moderna e materialista para o cal emprega dous símbolos: a luz (no mencer, no sol, no día...), relacionada con Deus e co espírito, e a sombra (na noite, na cinza, na cova...), relacionada co mundano e materialista.

- **ÁLVARO CUNQUEIRO**[4] (Mondoñedo, 1911 – Vigo, 1981). Escribe en 1950 *Dona do corpo delgado*, obra de posguera que se une ás xa coñecidas de preguerra, época en que comeza a escribir poesía, aínda que vai ser o xénero narrativo o que lle dea unha grande éxito editorial e recoñecemento. Esta obra pertence ao neotrobadorismo de posguerra, máis apegado ao modelo medieval, menos innovador.

[4] Os poemas de Álvaro Cunqueiro foron musicados por Amancio Prada no seu traballo *A dama e o cabaleiro.*

Un dos poemarios máis importantes de Álvaro Cunqueiro publicaríase con posterioridade, en 1980, co título de *Herba aquí ou acolá* que recollía poemas escritos nas décadas pasadas e axudaron a renovar a poesía galega desde 1975.

- **RICARDO CARBALLO CALERO** (Ferrol, 1910 – Compostela, 1990). Importantísimo filólogo, dá ao prelo varios poemarios que se recompilaron en dous volumes: *Pretérito imperfeito* (1980), que reúne poemas escritos ata 1961, e *Futuro condicional* (1982) –recompilación de textos desde 1961 ata 1980. En moitos deles reflicte o existencialismo a través do culturalismo, con inclusión de referencias clásicas e míticas.

- **MARÍA MARIÑO** (Noia, 1907 – Parada do Courel, 1967). Escribe *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1966). Autora que viviu á marxe do seus compañeiros de xeración por residir moitos anos nas montañas do Courel. Os seus poemarios son esencialmente intimistas: relación do eu coa natureza, o paso do tempo, a premonición da morte... cun gran manexo da linguaxe e da liberdade métrica (emprego do versolibrismo no derradeiro libro).

Palpas os tempos.
Lambes as terras.
Trillas os días.
E vas andando,
sin parar andando,
Coxeas no outono –meu arranque-
alóngaste no estío –miña morte-
á primavera daste,
dáste a todos que logo de ti se chaman.

- **LUÍS PIMENTEL** (Lugo, 1895 – 1958). Foi un coñecido médico lucense, home culto e afeccionado á música e á pintura, e amigo íntimo de importantes intelectuais da época como Ánxel Fole ou Celestino Fernández de la Vega. A súa vida viuse particularmente truncada e ferida polos espantososo acontecementos que ocorreron desde 1936. Os anos da guerra serán de depresión e de retraemento.

A súa obra en galego é *Sombra do aire na herba* (1958), poemario intimista que podemos caracterizar da seguinte maneira:



— Poesía fortemente **influída polas vangardas** no emprego do humor, na fragmentación poética ou nas referencias á arte cinematográfica, ao jazz ou ao futurismo, así como na ausencia de rima. En ocasións, está simplemente relacionado co hilozoísmo.

de sutaque sorprendía á mañá
entrando na vila,
cantando da mao da fina chuvia

Nalgún caso temos imaxes oníricas, próximas ao surrealismo por romperen coa relación lóxica entre elas.

nos currunchos acendéronse os altares do silenzo;
choiva de frores de estameña nos tristes pesadelos

* Estameña é un tecido de la empregado na confección de hábitos. Repárese na libre relación entre as imaxes, moi lonxe da reacionalidade.

— **Omnipresenza do medo e do misterio**: ocultos temores, desacougos, silencios, cousas non ditas, que fai que unha insignificante sombra altere o poeta.

tebras ó axexo
pola rúa suben
as casas en muletas.
navallas de lúa
na acera.
Unha sola ventá,
marela de insomnio
duro de lúa o seixo
desexa e agarda o crimen.
Pérdese
a iauga verde e moura da fonte.
¿Saliu deiquí a noite?
Dedo en alto
o santo de pedra
pide silencio.

— Presenza de **símbolos modernistas**, aínda que moitas veces tinguidos de dor, de angustia e de malos presaxios.

crara noite
piano antre magnolios
voz de mirto ou de oboe

a luz dos seus seos,
indecisa antre o verde.
Nin sombras nin misterios,
nin estrelas nin lúa

Neste caso, os símbolos modernistas: o piano, os magnolios, o óboe, así como as sinestesias auditivas e olfactivas que suxiren, crean o ambiente para a insinuación da amada, marcada cun leve erotismo e cargada de impresionismo (importancia da luz e da cor). Este delicado erotismo é unha das orixinalidades da poesía de posguerra.

— Presenza do **mundo dos nenos**, auténticos protagonistas de moitos textos, ás veces orfos, ás veces crueis, ás veces puros e sempre descritos dunha enorme sensibilidade.

punteiros de gaita
acompañábano
o pai de negro;
no mar, unha vela
branca.
Os amiguitos lévábano
non pesaba nada

— A **metapoesía**, ou a meditación sobre a palabra, o silencio e o proceso de escrita.

O poeta é un clarividente que é capaz de ver máis alá do que os outros ven, de dar nova vida ás cousas, e aquí reside o privilexio do escritor.

¡A poesía é o grande milagro do mundo!
Faremos música do teu voceiro
eiquí estamos coa túa lingoaxe vulgar.
Nomearás calquera cousa
—árbol, cabalo, pedra
e veralos nacer coa súa vida máis íntima
cos seus contornos máis puros.

— O **provincialismo**, de feito o autor considérase o poeta do Lugo provinciano da época debido á descrición bohemia das rúas, das prazas, das tardes e dos apracibles domingos, captando os momentos máis íntimos, máis insignificantes, en cadros impresionistas cheos de luz e de cor. É o poeta da contemplación, o observador do mundo que ve a través da fiestra da súa casa.

Contemplamos dende a soleira a chuvia.
O tempo non se conta: está en sonido.
Todo o insignificante achegou algo pra iste tránsito
trala chuvia a paisaxe tapouse os ouvidos.
Non hai esforzos de rosas, ruídos de luces.
É o trunfo das pequenas cousas.
A tarde éo todo, mais sin loitas;
camiña descalza entre a chuvia.

- **CELSO EMILIO FERREIRO** (Celanova, 1912 – Vigo, 1979). Xornalista de profesión, foi unha figura destacada na sociedade galega, ben por participar en revoltas populares (como aquela que loitaba contra a expropiación de terras en Castrelo de Miño por parte de FENOSA para a construción do encoro), ben polo seu activismo político (fundador da UPG, militante no partido comunista...), ben polas polémicas que suscitaron algunhas das súas obras como *Antipoemas*, censurada e mutilada; e *Viaxe ao país dos ananos*, onde o seu ataque contra a directiva da Hermandad Gallega de Caracas pola súa desgaleguización é tan forte e tan sarcástica, que os emigrantes galegos doutras zonas de América mesmo se sentiron ofendidos (poñemos por caso a Luís Seoane). Celso Emilio Ferreiro emigrara a Venezuela en 1966 e regresou a Madrid en 1974. Ata a data da súa morte, en Vigo, non deixou as actividades culturais, cunha marcada vea galeguista e cun forte apoio e solidariedade cos que sofren. A súa posición social marxista vémola no seguinte poema:

Monólogo do vello traballador

Agora tomo o sol. Pero até agora
traballéi cincoenta anos sin sosego.
Comín o pan suando día a día
nun labourar arreo.
Gastéi o tempo co xornal dos sábados,
pasou a primavera, veu o inverno.
Dinlle ao patrón a frol do meu esforzo
i a miña mocedade. Nada teño.
O patrón está rico á miña conta,
eu, á súa, estou vello.
Ben pensado o patrón todo mo debe.
Eu non lle debo
nin xiquera iste sol que agora tomo.

Mentras o tomo, espero.

Alén disto, a súa poesía tivo unha enorme difusión, feito que o fixo coñecido e recoñecido na sociedade galega, en primeiro lugar polas múltiples edicións da obra que publica en 1962, *Longa noite de pedra,* e en segundo lugar debido á difusión musicada dos seus poemas por parte da Nova Canción Galega (Voces Ceibes, entre outros) que estaban presentes en calquera acto de reivindicación social, ben fose manifestación, ben mitin, ben discurso.

Celso Emilio Ferreiro soubo ser tanto o poeta máis lírico, intimista e tenro, como o máis crítico, combativo, antifranquista, irónico e sarcástico. E todo isto cun claro compromiso nacionalista e lingüístico, feito que lle custou o cárcere en varias ocasións.

El mesmo di: «*Escribo preferentemente no noso idioma porque é a miña lingua natural na que me sinto mellor instalado e na que me expreso con plenitú. Por outra banda é evidente que a nosa lingua está proscrita e comprimida por outra. Dende iste contexto, a miña poesía intenta contribuír á supervivencia da nosa etnia e da súa conciencia particularista. Ten pois unha función desalleante*.»

Como **poeta comprometido** ten os seguintes libros:

- *Longa noite de pedra*[5] (1962). Foi o poemario que abriu a poesía social tras a Guerra Civil española. Conecta coa poesía social inmediatamente anterior: a de Ramón Cabanillas, a de Curros e a da Rosalía reivindicativa. O poemario parte dun primeiro poema escrito durante o encarceramento no mosteiro de Celanova titulado «Longa noite de pedra», alegoría do longo período de represión franquista.



LONGA NOITE DE PEDRA

No meio do caminho tinha uma pedra
tinha uma pedra no meio do caminho
tinha uma pedra
no meio do caminho tinha uma pedra

CARLOS DRUMOND DE ANDRADE

O teito é de pedra
de pedra son os muros
i as tebras
de pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan
feitos están de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

[5] Libro de lectura obrigatorio desta segunda avaliación.

No seguinte poema vemos algúns dos **trazos que caracterizan todo o poemario.**

No tempo aquil
cando os animais falaban,
decir libertá non era triste,
decir verdá era coma un río,
decir amor,
decir amigo,
era igoal que nomear a primavera.
Ninguén sabía dos aldraxes.
Cando os animais falaban
os homes cantaban nos solpores
pombas de luz e xílgaros de soños.
Decir teu e meu non se entendía,
decir espada estaba prohibido,
decir prisión somente era unha verba
sin senso, un aire que mancaba
o corazón da xente.

¿Cando,
cando se perdeu
iste gran Reino?

— Emprego de **símbolos positivos**, que representan a liberdade, todos eles ligados á luz (a primavera, os solpores, pombas de luz), á auga (o río), á altura (o voo dos paxaros, xílgaros de soños), e emprego de símbolos negativos que impiden esa libertade (espada, prisión, aldraxes).

— **Emprego de repeticións**, neste caso anáforas (*decir*) que reiteran a idea da liberdade de expresión (*decir libertá, decir amor, decir amigo, decir teu e meu...*). Coa mesma finalidade o autor utiliza a enumeración (*verdá, amor, amigo; espada, prisión*).

— **Utilización da hipérbole** (cando os animais falaban) para situar o tempo da libertade nunha época moi antiga, co cal fai fincapé no longo período da ditadura de Franco (cfr. O propio título *Longa noite de pedra*).

— Emprego de **encabalgamentos**, moi frecuente na poesía social polo seu estilo prosaico: versos 1-2; 9-10-11; 14-15-16.

— Presenza de **tópicos literarios**, neste caso o tópico do ubi sunt? (onde está?) nos tres derradeiros versos. Este tópico emprégao o poeta para mostrar a súa nostalxia por esa época remota (cando os animais falaban).

— **Contraposicións** moi marcadas entre o que é a liberdade e o que non é. Así destaca o ton lírico, tenro e poético en versos que describen o reino perdido da liberdade (*os homes cantaban nos solpores pombas de luz e xílgaros de soños*). Para isto fai uso dun vocabulario abstracto (*verdá, amor, libertá*...). Fronte a este lirismo temos o estilo máis coloquial descrito cunha linguaxe concreta (*espada, prisión*, o verbo *mancar* e o nome colectivo *xente*).

Alén destas características xerais na súa poesía social, *Longa noite de pedra* innova decididamente o xénero lírico dos anos 60 nos seguintes aspectos:

- Introdución de rexistros da fala cotiá, cunha finalidade humorística e sarcástica.

aquil señor burgués condecorado
usía ou excelencia ben cebado
que ronca con pracer na noite longa
e ten muller feliz, de teta oblonga,
con dous fillos libertinos e «juerguistas»
idiotas pola nai, polo pai, grosos;
pondo dentes de can que venta os osos,
ponse a rosear e morde:
«eu prefiro a injusticia ao desorde»

- Mesmo incorpora a xerga gremial dos canteiros (a verba dos arxinas) nalgún texto.

os quintos i os alcamotes *(ciceis e martelos)*
cantan, crean, constrúen, doman a pedra,
levantan as cidades e as caicoas *(igrexas)*
as arias xidas, as xarnas e as xarelas *(perpiaños, muros e paredes mestras)*

- Incorporación de linguaxes específicas comoa a administrativa e burocrática, comercial, política, militar case sempre en contextos sarcásticos:

No seguinte poema o autor ironiza sobre o individio indefenso fronte ao sistema; por non ter, nin ten dereito á xustiza. Repárese no marcado ritmo dos seus versos, outra das características do escritor.

Fuco Pérez sin segundo
veciño de Gargamala
viudo, maior de edade,
propietario dunha cabra
e dun terrón que produce
cinco ducias de patacas [...]
tes o día, tes a noite,
tes os paxaros da ialba,
tes as estrelas do ceo [...]
¿que che falta?

- Utilización de recursos estilísticos antes non empregados na literatura como son o fonosimbolismo e as onomatopeas, creando unha linguaxe que lembra á do cómic.

Vin pasar ringleiras silenciosas
de mozos feitos homes de repente.
Chap, chap, chapoteaban
as súas botas sobre a lama.

Nos seguintes poemarios vemos o Celso Emilio Ferreiro máis sarcástico e irónico facendo uso das características anteriormente mencionadas e doutras como a «distorsión lingüística» para criticar de maneira máis aceda determinados aspectos sociais.

- *Viaxe ao país dos ananos* (1968). Crítica os emigrantes da Hermandad Gallega de Caracas desgaleguizados, a sociedade de consumo e o capitalismo.

Probe de min. A terra prometida,
a Galicia emigrada que eu buscaba,
era somente un pozo de residuos,
unha corte de ovillas resiñadas:
emporio de logreiros,
caverna de usureiros,
buraco de tendeiros,
guarida de compadres basureiros.
O País dos Ananos,
poboado de pitisos
comestos da iñorancia,
mandados pola envexa i a cobiza.
¡Que sórdida paisaxe!
Galicia xaz eiquí morta de anguria,
crucificada en sombras, sepultada
baixo as nádegas porcas dos badocos,
dos pequenos burgueses desertores,
alugados ao esterco,
vendidos ás letrinas,
sin outro afán nin fn que o dasme-douche,
o merco-vendo, okey, pago ó contado.

Obsérvese o invento de novas palabras a través da composición *dasme-douche, merco –vendo* e a introdución do anglicismo *okey* para ironizar sobre o afán consumista e capitalista da sociedade de emigrantes de Venezuela.

- *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968). Na mesma liña do anterior pero agora nun molde medieval, imitando o estilo das cantigas de escarnio e maldicir.

- *Os ausentes* (1973), *Paco Pixiñas* (1970), ao estilo dun romance de cego.

- *Cimenterio privado* (1973), son un conxunto de epitafios en forma epigramática, de ton burlesco co propósito de atacar a burguesía.

O bon cidadán
traballou, aforrou, mercou, vendeu,
consumiu, informou, cumpriu co precepto,
viviu arredor de si mesmo
como unha roda perfecta

Por fin morreu
dun coma diabético.

Os xefes da OPE
(Orde, Ponderación, Estabelecemento),
filial do complexo industrial PUGA
(Produtividá, Unión Garantía, Amnesia)
moi agradecidos ó seu fidel comportamento,
pregan unha oración
pola almiña diste homiño

Repárese nos acrósticos OPE e PUGA co fin de satirizar a sociedade industrializada e capitalista.

- *Antipoemas* (1972). Libro censurado e publicado con mutilacións.

Como **poeta intimista** escribe:

- *O soño sulagado* (1955). O título fai referencia á perda dos soños motivada polo ditadura e polos avatares da súa propia vida. A través dun acolledor lirismo recrea con nostalxia o seu pasado: a terra natal, a infancia, a nai, sen posibilidade de retornar a eses soños do pasado. O ton en que se expresa o poeta é confidencial: *Falareivos de min anque me doan/as escuras raíces dos meus soños.*

  Nel tamén se encontran magníficos poemas de crítica social.

- *Terra de ningures* (1969). É unha recreación nostálxica da paisaxe perdida da terra natal e o encontro, na emigración, con paisaxes exóticas.

- *Onde o mundo se chama Celanova* (1975). Poemario intimista que contén uns fermosos poemas á súa esposa Moraima.

Xaneiro 1972, II

Cando Quero vivir
digo Moraima
Digo Moraima
cando semento a esperanza
Digo Moraima
e ponse azul a alba

Destaca neste fragmento lírico a reiteración en versos paralelísticos da pronuncia do nome da muller do poeta, asociada ao impresionismo cromático da alba, que se torna azul, cor cun simbolismo positivo na obra do celanovés.

3.1.2. A promoción de enlace

Media entre a Xeración do 36 e a Xeración das Festas Minervais.

A ela pertencen escritores nados entre 1920 e 1930. A súa formación está marcada polo illamento cultural que sufriu España. A maioría deles son autodidactas e comezan a escribir en castelán. Colaboran nas mesmas revistas poéticas: *Alba, Aturuxo, Posío, Cristal...*

3.1.2.1. Tendencias literarias

As tendencias literarias son:

— Oriéntanse cara ao existencialismo e á poesía intimista e relixiosa. Ás veces chegando a unha poesía de angustia.

— Tampouco falta a preocupación social.

3.1.2.2. Autores e obras

- **ANTÓN TOVAR BOBILLO** (Rairiz de Veiga 1921 – 2004). Nos poemarios *Arredores* (1962) e *Non* (1967) segue a liña existencialista (conciencia do eu e da soidade), a liña social (rebeldía fronte á inxustiza) e a intimista (queixa pola irreversibilidade do tempo que todo volve cinza).

  Durante os 80 publica *Calados esconxuros*, que recibiu o Premio da Crítica, e que constitúe unha das aportacións máis valiosas da lírica actual.

Na poesía de Antón Tovar, humilde e sincera predomina a temática intimista: a soidade, a ausencia dos seres queridos, o paso do tempo, a morte, a preocupación relixiosa..., e revela unha visión tráxica e resignada da realidade e da propia vida. Os seus versos de grande calidade musical, presentan unha consciente sinxeleza, unha contención expresiva:

¡Obiló!, ¡Obilá!
afonda os beizos montesíos
na voz da fonte chea de milagros.
non teñas présa, manso boi triste,
boi dos meus versos solitarios.

A súa poética é unha busca, entre a esperanza e o desalento, por darlle sentido á vida, facendo comunicables as súas vivencias.

Na década dos 90 publica, *Berro en voz baixa e A nada destemida.* Na primeria obra observamos unha poesía dilacerada na que ante a falta de Deus, a escrita constitúe un xeito de esconxurar o paso do tempo e a angustia. Velaquí uns versos que o confirman:

A miña vida, a miña morte, é unha loita permanente
para reconquistar a paz da infancia feliz e lonxana
E collo un libro, ou escribo un verso na tona da auga
para esconxurar o medo, a anguria, as teimas que herdei.

- **LUZ POZO GARZA** (Ribadeo, 1922). Poeta intimista e vitalista, fundamentalmente; en 1952 escribe *O paxaro na boca* que ten como tema fundamental o amor, tratado dun xeito delicado e sensual, con expresivas imaxes eróticas, nas que fonde o vitalismo amoroso e a natureza:

Son unha póla túa, mesmamente
xesta amantiña no serán do peito,
regueiro novo, onde os peixes cantan,
chuvia da túa mau amorosiña

Nos outros libros pódese percibir un cambio radical na súa poesía, que se fai vehículo de sentimentos da saudade e angustia: o amor segue presente, pero agora aparece marcado pola nostalxia, por unha inquedanza vaga e pola presencia da morte (*Verbas derradeiras*, 1976), ao que se engade a preocupación dolorosa do pasado e futuro de Galicia, quebrado xa o vitalismo da súa primeira etapa (*Concerto de outono,* 1981). Estes dous libros veñen a ser unha reflexión sobre o destino tráxico da vida humana.

Obras nas que recibiu influencias de Pimentel, de Aquilino Iglesia Alvariño e de Álvaro Cunqueiro. Posteriormente virán obras xa clásicas da literatura galega como: *Prometeo a flor de loto* (1991) e *Códice calixtino* (1986), un libro de ton elexíaco con constante recurso á memoria e ao pasado vivido; de aí a frecuente oposición luz /sombra, que atopamos ao longo do poemario:

O ar semellaba unha camelia branca
que se tornase en chuvia en sombra en pura ausencia



En 2004 recolle a súa obra completa en *Memoria solar*. E no ano 2005 sae do prelo *As arpas de Iwerddon*. Neste novo poemario Luz Pozo Garza canta a Irlanda, buscando as ligazóns entre unha Eire poética, mitolóxica e tamén real, e unha Galicia propia universal a un tempo. A voz que nos fala nos poemas quere se converter en celebrante da fusión entre culturas atlánticas, que xa cantaron os escritores galegos desde os inicios do rexurdir contemporáneo.

Irlanda e Galicia irmánanse a través do símbolo do misterio da poesía, esa linguaxe que os clásicos arcaicos imaxinaban canle de divinidade, e que Platón situou á beira da indagación filosófica da verdade. Sorprende o intelixente diálogo entre o profundo e o cotián, entre o culto e o popular, a intimidade autobiográfica e o mundo exterior, a través do cal a autora vai elaborando a súa poesía.

Hoxe en día é directora da revista literaria *Clave Orión.*

- **MANUEL CUÑA NOVÁS** (Pontevedra, 1926 – 1992). Ten influencias existencialistas debido á súa estancia en París e aos seus contactos coa poesía de Albert Camus[6]. O seu primeiro libro, *Fabulario novo* (1952), é o precedente da **Escola da Tebra,** que se basea en temas do tipo: a soidade como esencia do ser humano, os conflictos persoais co mundo, o pesimismo e a angustia de vivir. De aí que neste poemario sexan recorrentes: as tebras, a escuridade, o terror, o espanto, o desacougo...

Cega a cinga dos astros as toupeiras escuras
sen acougo encovadas nas tebras estantías
onde escorren manseniños vagalumes
namentres as mans baleiras agoiran a distancia
desesperadamente tendidas cara ao ceo.

Fabulario novo

En canto e fuga da irmandade sobre da terra e da morte (1977) a dicción é máis clara e máis patriótica, salienta a reflexión sobre Galicia. Pola temática inclúese de cheo na xeración seguinte; polo ano de nacemento encadraríase nesta.

3.1.3. A xeración das Festas Minervais

Así denominada por irromper na década dos 50 grazas aos certames literarios que se celebran en Santiago e eran chamados Festas Minervais. É unha xeración moi influenciada por correntes literarias estranxeiras –europeas e americanas-, así como pola cultura do jazz, do rock e polo movemento de liberación social que en América representou a *Beat generation* (liberdade sexual, vida errante, consumo de drogas e alcol...).

---

[6] **Albert Camus** (Mondovi, Arxelia, 1913 – Le Petit Villeblevin, Francia, 1960) novelista, ensaísta, dramaturgo e filósofo francés . A súa obra reflicte a filosofía do absurdo.

3.1.3.1. Tendencias literarias

As tendencias literarias foron:

— Unha maior atención á forma e á estética do poema, de tal maneira que se renova a linguaxe.

— Na temática predomina a chamada **Escola da Tebra,** presidida pola angustia existencial e o pesimismo na monotonía do vivir. Esta liña poética estábase preacticando na poesía europea. Tamén temos mostras de poesía social (non tan prosaica como a de Celso Emilio) e de lirismo, atopando mundos moi particulares en cada autor.

3.1.3.2. Autores e obras

Podémolos dividir en dous grupos:

- O **grupo compostelán,** seguidor do galeguismo culturalista que propugnaba Ramón Piñeiro e todo o Grupo Galaxia. Escriben grazas á colección poética Illa Nova. Son Xosé Luís Franco Grande, Xohana Torres, Salvador García-Bodaño ou Arcadio López Casanova.

- O **grupo Brais Pinto**, formado en 1958 por varios universitarios en Madrid. Manteñen posturas máis radicais na ideoloxía política e son partidarios dun nacionalismo marxista na liña de Castelao. Desenvolven a súa actividade na literatura e nas artes. Son Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Xosé Fernández Ferreiro e o pintor Raimundo Patiño, entre outros.

O grupo **Brais Pinto** céntrase no desarraigo existencial, no desacougo e no pesimismo.

- **XOHANA TORRES** (Santiago, 1931). Coñecida narradora, ensaísta e autora teatral, a súa obra máis prolífica pertence ao xénero lírico.

  Na súa primeira obra, *Do sulco* (1957), destaca a angustia e a soidade, cun dominio profundo do ritmo e da musicalidade e co emprego constante de paradoxos. Permítese certas licenzas lingüísticas e ortográficas.

  Dos anos 80 é a obra *Estacións ao mar* (1980), premio da Crítica española, é a súa obra de madurez. De grande rigor formal e conceptual reflicte a preocupación por Galicia, o paso do tempo, a memoria e a fugacidade das cousas. Podemos concluír que este libro, ateigado de simbolismo, é unha meditación sobre o tempo e a morte:

  Primeiro foi o mar, despois a pedra.
  ¿Que quedará de nós?... Unha escuma levísima,
  fado de Amalia para unha travesía.
  ¿Que loita de navíos?
  ¿Onde o naufragio daquela Nau Preta?

  De 1992 é *Tempo de ría.*[7]

[7] Na **Biblioteca Virtual Galega** podemos escoitar poemas deste poemario na propia voz da autora.

- **SALVADOR GARCÍA-BODAÑO** (Vigo, 1935). Publica en 1967 *Ao pé de cada hora*, poesía elaborada e de grande riqueza rítmica, que serve de canle á temática amorosa e ao compromiso coa terra; *Tempo de Compostela* (1978), centrado na cidade de Santiago.

> *Compostela é unha rúa longa*
> *na memoria*
> *onde vagan os nomes*
> *e as horas*
> *que cada quen recorda*
> *tempo de eternidade nas sombras…*

No ano 2003 publica *Cidade virtual.*

- **XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE** (Tebra, Tomiño, 1936). Actualmente dedícase ao xornalismo en Vigo. A súa primeira obra poética é *Entre o si e o non* (1967), na liña do existencialismo, é dicir na percepción do propio eu. Trátase dunha poesía introspectiva, entendida como vía de coñecemento:

> *Ás veces entro en min*
> *por se atopo aquelo que eu son*
> *e sempre vexo que non dou comigo*
> *e que son eu quen se me vai das mans.*

En 1987 publicou *O tempo á espreita*, con maior variedade temática.

- **ARCADIO LÓPEZ CASANOVA** (Lugo, 1942). Actualmente é profesor de literatura na Universidade de Valencia.

As súas primeiras obras son da década dos 60, *Sonetos de esperanza presentida* (1965) e *Palabra de honor* (1967), que mostran unha visión desesperada do mundo e reflicten unha preocupación obsesiva por recuperar a infancia, a inocencia perdida, mesturada cun dramatismo que expón unha visión desesperada do mundo e das cousas, na liña intimista da poesía da Tebra.

Pero é o seu libro ***Mesteres*** (1976), —xunto con *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín— o que marca unha inflexión na poesía galega. O poemario achega unha serie de innovacións literarias que o fan singular na súa época: afástase do socialrealismo coloquial imperante para tratar temas heteroxéneos (metaliterarios, o exilio, a dor de existir, a morte, a presenza da muller, a súa infancia labrega...). Tamén na parte estilística é un libro heteroxéneo, tanto emprega estrofas clásicas, principalmente o soneto, como o versolibrismo.

> *Cantar sen patria, lonxe na rodela*
> *da Noite, sen ninguén que escoite, anada*
> *do pranto. Lonxe. Lonxe. ¡Ai, vagoada*
> *do corazón: que sólo se rebela!*

Segundo cuarteto do soneto III/1974. Rodela: xogo infantil que consiste en mandar unha roda o máis lonxe posible; anada: recolleita do froito ao final do ano. Trata o exilio, a dor pola distancia da patria, asociado aos símbolos como a noite, o pranto, á recorrencia (*lonxe, lonxe*) e á exclamación de lamento (*¡Ai, vagoada do corazón*:). As imaxes *rodela da noite* (noite monótona e interminable), *anada do pranto* (só hai pranto na soidade da noite, ningún outro froito ou doce na vida), *vagoada do corazón* (a parte máis sentida e fonda do corazón) manifestan unha clara renovación nas imaxes literarias que superan a poesía das xeracións anteriores.

A meditación sobre a vida e o paso do tempo son os temas predominantes en *Liturxia do tempo* (1983) e *Noite de degaro* (1994). Recentemente deu ao prelo *Herdo do canto.*

- **MANUEL MARÍA** (Outeiro de Rei, 1930 – A Coruña, 2003). Dedicado de cheo a Galicia e comprometido co seu tempo, cultiva varias orientacións:

Na liña da Escola da Tebra temos: *Muiñeiro de brétemas* (1950) e *Morrendo a cada intre* (1952); na liña comprometida publica: *Documentos persoaes* (1958), *Poemas ao Outono* (1977) e *Laio e clamor pola Bretaña* (1978); na liña paisaxística arredor da natureza da súa terra natal, a Terra Chá, temos: *Terra Chá* (1954), *A primavera de Venus* (1993) e *O Miño canle de luz e néboa* (1996).

Terra Chá I

A terra Chá somentes é:
un pobo aquí, outro acolá
mil arbres, monte raso
un ceio chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
o resto é soedá

- **UXÍO NOVONEYRA**[8] (Parada de Moreda, O Courel, 1930 – Compostela, 1999). A poesía de Novoneyra temos que inserila na corrente de lírica paisaxística centrada na montaña do Courel, que vén de Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño e Manuel María, pero enriquecida cun ton existencialista, xa que aparece o home en soidade ante a natureza o cal se entrega á reflexión sobre a vida e a morte. O ser humano representa un elemento mínimo ante a inmensidade do cosmos.



COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...

[8] Homenaxeado ano 2010 no Día das Letras Galegas.

Ten as seguintes obras:

Os eidos. Libro do Courel (1955), *Poemas caligráficos* (1979), poemas gráfico visuais; *Muller pra lonxe* (1987), que contén poemas escritos desde 1955. Neles o amor e o desamor aparecen asociados á noite. En 1994 publica *Poemas da doada certeza.*

É considerado como un dos poetas máis relevantes da nosa literatura de todos os tempos, proxecta a súa obra enraizada na tradición e no popular, aínda que con destacadas tonalidades vangardistas nas que destaca o lirismo da palabra.

A estética de novoneyra representa a culminación da poesía paisaxistica, levada a un extremo de concentración e síntese. O poeta do Courel consegue conxugar a vivencia poética cuns recursos lingüísticos predominantemente simbólicos, que entrocan coa tradición popular galega e con antigas culturas simbólicas, como as orientais. Entre estes recursos destacan polo seu fructífero e constante emprego o **fonosimbolismo.** Velaquí un exemplo.

¡Cousos do lobo!

¡Cousos do lobo!
¡Caborcos do xabarín!
¡Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!
¡O lobo! ¡Os ollos do lombo do lobo!
Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca da vagoada máis sola e máis medosa...
rastrexa,
párase e venta
finca a pouta e ergue a testa e oula
ca noite na boca...

Neste poema de *Os eidos* vemos a aliteración do /o/, fonema pechado que simboliza o ouleo do lobo e ao mesmo tempo os seus ollos, evocando a sensación de medo que pode producir a presenza do animal. Destaca a soidade da natureza na noite e a intuición da proximidade do lobo.

Tamén emprega o simbolismo gráfico-visual (emprego dos elementos gráficos e da distribución do espazo con fins expresivos) e o estilo litúrxico, especialmente concentrado no poema «Letanía de Galicia», onde manifesta unha fonda preocupación social e política, que aparece tamén nalgunha outra composición como a titulada «Do Courel a Compostela» ou o «VietNam Canto».

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN (Ourense, 1938). Fundador do grupo **Brais Pinto**, actualmente é unha das figuras máis destacadas da literatura galega, proposto desde hai anos ao Premio Nobel de Literatura.

Cultivou todos os xéneros literarios, e destaca principalmente na narrativa e na poesía.

No xénero lírico dáse a coñecer polos poemarios:

- *Voce na néboa* (1957) cunha visión existencialista e pesimista do ser humano e de Galicia:

GALICIA
GALICIA longa praia, estesa e negra,
soia i esquiva, con pesados corvos,
senlleiras píllaras, vento coriscante
e a morte e o valeiro en todo o longo.

- Baixo o heterónimo de Heriberto Bens publica *Antoloxía popular* (1972) e *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1980), nos cales a protagonista é Galicia, desde o punto de vista histórico e político. De 1976 é *Con pólvora e magnolias*, que xunto con *Mesteres,* de Arcadio López Casanova, renovou o panorama poético daquel momento, superando definitivamente o socialrealismo prosaico. Culturalismo, simbolismo (xa desde o propio título: a pólvora e as magnolias), ton épico, nostalxia do pasado e preocupacións esenciais como a recuperación do tempo, o sentimento amoroso na súa decadencia e a morte supuxeron unha innovación literaria. O compromiso social e patriótico é o ton imperante baixo unha forte renovación estilística. Velaquí un exemplo:

No vento de mazán que se desfraga
nos cons e pedregullo solar
de cabo de Home e Punta do Cabalo de Fora
reclamo a libertade pró meu pobo.

No meniño que dorme
no edredón dos teus ollos
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nas vellas mans agrarias,
nas loias amorosas dos estíos
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nos bicos acedísimos e tenros
dos meus fillos inmensos
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nos sangues artesáns que teño ardendo
en cada dedo meu;
nos finos labradores que aparecen agora no papel
levando chapeos pardos, panos de sede e zocas remontadas
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nos crepúsculos de anís
nos que se erixe a familia naval de Manuel Antonio
e pon, de arca e couso, pequeniños
lumes azuis e brancos de San Telmo
reclamo a libertade pró meu pobo.

Este é un fragmento do texto «Reclamo a libertade pró meu pobo», que conclúe o poemario *Con pólvora e magnolias.* **Poema comprometido,** socialrealista con momentos líricos dignos da mellor poesía (a imaxe visionaria e sinestésica do verso 1, ou os versos 5,6, 9 e 19). **Poema rítmico** con **versos paralelísticos** a modo de refrán, de alto valor expresivo, nos que reitera a liberación do pobo galego. **Renovación estilística** aplicada a unha temática xa tópica desde Celso Emilio Ferreiro. Á parte disto, **a regularidade métrica** distribuída en versos de 7 e 11 sílabas –ás veces un verso non se corresponde coa liña- é salientable se o comparamos co versolibrismo da poesía social anterior.

É destacable tamén o **culturalismo**[9], ou as referencias cultas, innovación que aparece na lírica tras *Con pólvora e magnolias*. Verso 20 -22 nos que se menciona a poesía vangardista de Manuel Antonio e o nimbo lumioso que aparece nas extremidades verticais das embarcacións debido á electricidade atmosférica (*lumes azuis e brancos de San Telmo*). No mesmo sentido observamos a **saudade** por momentos pasados altamente valorados (*no meniño que dorme nos teus ollos*, é dicir, o neno que fuches; *nos finos labradores que aparecen agora*…) por eles combate e loita o eu poético.

Vemos tamén a concepción da **sociedade** desde o punto de vista marxista: sangues artesáns, labradores, mans agrarias, os que fan e sofren a historia. Neles recae un certo ton esperanzador e optimista.

En 1982 publica *O fin dun canto* onde continúa cos motivos temáticos e o tratamento expresivo de *Con pólvora e magnolias*, cunha actitude apelativa e grande forza evocadora para expresar os anceios políticos, a recuperación do tempo, a paixón erótica..

De 1992 é *Erótica*, de 1994 *Estirpe*, Premio Losada Diéguez, onde atopamos unha poesía que afunda as súas raíces na terra a que explica, marca, expresa, canta e reclama as nosas diferenzas, o noso devir tantas veces frustado ou demitido.

No 2005 publícase *Era na selva de Esm*; e de 2006 o magnífico poemario *Contra Maquieiro*, Premio Lósada Diéguez. A voz poética de X. L. Méndez Ferrín retorna con toda a súa capacidade expresiva para levar a cabo unha revisión do século XX, desde a Guerra de Cuba ata o seu esmorecemento, e érguese nunha bandeira contra o capitalismo, invocando a Razón e o valor para o verso. Desde 14th Street á Pena de Anamán, pasando revista aos acontecementos dun século que entronizou a Maquieiro, o poemario estrutúrase en catro partes longas e fermosas.

- **BERNARDINO GRAÑA** (Cangas do Morrazo, 1932). Na liña da Escola da Tebra publica *Poema dun home que quixo vivir* (1958) cun ton coloquial. En *Profecía do mar* (1966), rompe co pesimismo do libro anterior e adopta unha actitude de afirmación vitalista do home e do universo:



Contra os días, a néboa, o medo, o escuro
tento o mar e procuro a plenitude

[9] Tamén ás veces entendido como intertextualidade.

Neste libro enriquece a lingua poética con termos mariñeiros e xiros idiomáticos da fala viva de Cangas, de grande forza expresiva. Bernardino recrea o mar, os mareantes, as vilas e ambientes mariñeiros nun poemario de grande unidade que ofrece unha cosmovisión íntima, afastada do mero descritivismo:

Un mar pra andar perdido e ser camiño,
como noite continua e pesadelo,
onde o corpo ten de ir espido, inxelo.
Principio e fin das cousas. Mar diviño.

Co mesmo ton publica *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975). Aínda que este poemario é sobre todo un brado ecolóxico contra a destrución do mar e da terra.

Publica *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*, de tema amoroso (1980); *Sima-Cima do voar do tolo* (1984) e *Himno verde* (1992). *Ardentía* (1995) recompila a súa obra anterior. Publica *Luz de novembro* (1997) e *Sen sombra e sen amor* (2004).

ANTÓN AVILES DE TARAMANCOS (Noia, 1935 – 1992). É unha das voces máis significativas da súa xeración, tanto pola profundidade temática como pola limpeza, transparencia do seu verso. Escribe dous poemarios antes de marchar á emigración, baixo o título *As moradias do vento* (1 954) e *A frauta i o garamelo* (1959). Nos seus versos xa están presentes algúns dos trazos máis definidos destes autor: o clasicismo formal, o alento vitalista e sensual.

No entanto a súa obra máis interesante pertence ao regreso da emigración, con poemarios moi orixinais baseados na experiencia da viaxe a Colombia: a infancia, o amor, a distancia. Así temos *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e o póstumo *Última fuxida a Harar* (1992).

O arrecendo do corpo, o bebedizo
que vén das tuas ánforas profundas:
Pos-me o sangue a cantar e mo inundas
de roseiras en flor e mel sombrizo.

O saibo do teu celme primeirizo
deixa na língua emanacións rotundas
de orvallos que tan íntima fecundas
nos que me absorvo, amor, e me eternizo.

É o tremor do pracer, o esguio cume
que me abanea o frenesin do gozo
e vén médula abaixo feito lume.

Ao rematar os zumes do teu pozo
chega-me ainda a graza do perfume
da flor na que causei tanto alvorozo.

As torres no ar

O seu discurso está guiado pola riqueza significativa, na que destaca o feliz emprego de imaxes profundas e vigorosas, a comuñón coa natureza e a emoción da patria:

Ouh, luz, lonxana, perdida luz amiga:
dez mil leguas de mar chámanse olvido,
ou quizais non: escuridá medida
metro a metro de dor cúbica e fera.

4. MODELO DE COMENTARIO

Deitado frente ao mar

Lingua proletaria do meu pobo
eu fáloa porque si, porque me gosta,
porque me peta e quero e dáme a gaña
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque sí, porque me gosta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingua.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruís e poderosos
non falo pra os finchados,
non palo pra os estúpidos,
non falo pra os valeiros,
que falo para os que agoantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
pra os que súan e choran
un pranto cotidián de volvoretas,
de lume e vento sobre os ollos núos.

Eu non podo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.

E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
Deitada rente ao mar, ise camiño…

Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*

O poema «Deitado frente ao mar» pertence ao libro *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro editado no ano 1962.

Este poemario supuxo un cambio no devir da poesía galega do século XX, pois a partir da súa publicación e difusión (multicopias, versións musicadas...) os seus poemas convertéronse en canónicos e imitados.

Moitos dos seus textos foron himnos que cantaron varias xeracións con ansias de liberdade. Este é un deles.

O **tema** principal do poema é a lingua galega. Esta é unha temática recorrente na nosa literatura desde o Rexurdimento xa que, parello ao feito de volver a escribir nunha lingua practicamente ágrafa durante os Séculos Escuros, estaba a súa reivindicación. Esta facíase no século XIX ligada a valores como a dozura, enxebreza, naturalidade...

A novidade deste poema é a reivindicación da lingua galega como a propia das clases populares: obreira (*Lingua **proletaria** do meu pobo*), mariñeira e labrega:

«*e ser, co rostro erguido*
Mariñeiros, labregos da linguaxe,
remo i arado, proa e rella sempre»

Neste poema a reivindicación lingüística está claramente ligada ao transfondo social, porque o galego é o idioma dos desfavorecidos, dos que sofren historicamente a opresión das clases dominantes: «*que falo pra os que agoantan rexamente/mentiras e inxusticias a cotío*»

E Celso Emilio identifícase plenamente con eles, cos silenciados pola historia:

«*E quero estar cos meus, coa xente miña,*
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingua»

Establécese entón unha antítese entre os que se «afirman no amor dos devancerios —bos e xenerosos» que diría Pondal— con aqueloutros «imbéciles e escuros» que Celso Emilio cualifica de «desleigados» que abandonan a súa identidade ao «pór a gravata».

No inicio da terceira estrofa aglutínase os cualificativos dos que renegan do idioma a través dun procedemento anafórico: *non falo pra os.*

O poema péchase co principio ético do socialrealismo de Ferreiro («Eu non podo arredar as miñas verbas / de todos os que sofren neste mundo»): a solidariedade cos oprimidos e desfavorecidos. E a lingua e identidade galega foron secularmente estigmatizadas, por iso Celso Emilio as reivindica neste poema en particular e en gran da súa obra en xeral.

O estilo do poema responde perfectamente á poética do escritor de Celanova. Emprega en todo momento un léxico sinxelo, mesmo coloquial («ruín, estúpido, porque me peta, etc.») cunha linguaxe moi directa.

Metricamente combina libremente dous versos cultos como o hendecasílabo —maioritario— e o heptasílabo —versos 10, 12, 19, 21, 22, 23, 26, 32— sempre sen rima; unha combinación moi utilizada polo autor.

Este poema é unha mostra da mellor poesía social de Celso Emilio Ferreiro. A través dunha linguaxe poética sinxela o autor propón un texto no que prima a mensaxe de solidariedade e xustiza, neste caso de reivindicación da lingua galega: non por ser mellor ou peor que ningunha outra, senón porque é a lingua dos oprimidos nesta terra.

ANTOLOXÍA DE TEXTOS

1

CELSA R.I. AFORCOUSE EN XULLO DO 74

Celsa R.I. pendurouse dunha viga.
Aforcouse nun alpendre.
Profesión: pescantina. Estado: viuda.
Ós corenta e cinco anos xa era unha vella.

Como brúa a mar.
Que noite negra, Celsa R.I.
O vento bate a porta aberta do alpendre
e abana paseniñamente teu corpo
Renxe a viga.

Cando nena, o pai mariñeiro
contáballe a Celsa R.I. dunha onda roxa
no mar, cun anxo sentado enriza.
Tamén da estadía azul cun pano branco
Perpetuamente ergueita na mesma rocha
que enfeitizaba ós mariñeiros.
O pai de Celsa R.I. falaba de encantamentos.
Non falaba da súa vida.
Tampouco o fixera seu home. Afogado,
naufragou nun barco de pesca
¿Que se ten de falar da vida dun mariñeiro?

Celsa R.I. vivía nunha aldea de vellos e nenos.
Illada, soia, medoñenta.
Tampouco tiña nada que falar de sí.
¿A quen lle podía importar Celsa R.I
nunha terra maldita, de xentes emigradas,
rillada polos usueiros,
apremeda dende lonxe polos burócratas?

Celsa R.I., traballadora no peirao,
aforcouse.
Non a levou ningún anxo da terra.
Non a enfetizou nengunha estadea azul.

Como brúa a mar…
que negra noite, Celsa R.I.
O vento bate a porta aberta do alpendre
e abana paseniñamente teu corpo.
Renxe a viga.

Luís Seoane, *A maior abondamento*

Cando esperar… **2**

Cando esperare é ser onda de río
que corre, e bule, e vai, e pasa e ruxe,
e, de pedriña en pedra, a tentas fuxe
e se desvive, ó cabo, fío a fío.

Cando esperare é ser, nun travesío,
roda vella que xa come a ferruxe,
sen treitoria nin eixo que a arrempuxe,
ó vento, ó sol, á chuva, á neve, ó frío.

Cando esperare é ser son de goteira
nunha casa sen lume, desgonzada,
e herbas tristes saíndo da fumeira.

Cando esperare é ser aira queimada,
ala que se quebrou, terra baleira,
muíño que non moe, auga pasada…

Cómaros verdes, **Aquilino Iglesia Alvariño**

3

O MAR E AS VOCES

As gumes delicadas raxan a nebra.
As brisas.
Silencio e bastidade do mar.
Tunel oscuro
para escoar as voces na inmensa auga grisalla.

O mar é como a seiva:
Crepusculo, é axado
no corpo desas lúas crevadas polas ondas.

Aziñas de sireas no relentío ingrávido.
Vive a palabra. Viva dentro de nós, e medran
coros de voces íntimas, de asfaltos e de xebras,
nas sebes que amañecen.
Entre os noitegros faros.

A música dos tempos, **Pura Vázquez**

4 PENÉLOPE

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de naivos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva;
pro ti envólveste en sabas de mil anos
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron: Deus é o mesmo.
suco vai, suco vén, Xesús-María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono
o tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

X.Mª Díaz Castro, *Nimbos*

5 RETORNO DE ULISES

Pende en que pende Penélope pensativa
perdo novelo nove novamente canto.

Ese rosto que ás augas envexando
como sorrí tecendo cando o vento:
ás augas como sorrí envexa que tecendo
ese rosto en que pende que amañeza.
Cando o vento o novelo novelovento leva,
—os longos dedos que nasceron frautas
na boca de Ulises, cando namorado.
Digo que os longos dedos non resisten
ós pós do vento que nas oliveiras,
os longos dedos que solprendidos dicen
novelovento, novelo nove pido,
o meu corazón tecendo mar e soño
baixo esa ponte de ignorados ríos.

¡Ouh Venus!, ¿onde camiña o fío revoando
que as miñas brancas pernas amorosas,
ónde os muíños, onde o vento xira,
cauces por onde o vento pasa, pisa?

Dígoche Venus por cómaros, valados,
rocas, camiños, pontes, asubíos,
ese fío é un rosto que sorrí tecido:
lembrándome agora estóu que no novelo
nove os beizos cando se pregan falan.
¿Soiamente dicen que cándo ven a sede
polas celestes pontes desas illas?

Álvaro Cunqueiro, *Herba aquí ou acolá*

6

Declara o oráculo:
QUE á banda de solpor é mar de mortos,
Inceta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindica
QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.
QUE un sumario de xerfa polos cons

Así falou Penélope:
Existe a maxia e pode ser de todos.
¿a que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR

Xohana Torres, *Tempo de ría*

7

ENTERRO DO NENO POBRE

Punteiros de gaita
acompañábano
O pai de negro;
no mar, unha vela
branca.

Os amiguiños levábano
Non pesaba nada.
Abaixo, o mar;
o camiño no aire
da mañá.

Il iba de camisa limpa
e zoquiñas brancas
Os amiguiños levábano
Non pesaba nada.

O Ángelus, Jean-François Millet

Luís Pimentel,

8

FROL DE OUTONO

Eu dareiche delor, co tempo, a vida,
porque me agardan lonxe, xa me espera
un camiño sin luz, unha tristura
que xa me está medrando, xa me medra
coma unha frol de outono nun carreiro.

Eu dareiche delor, dareiche acedas
bágoas con albor de noites fuxidías,
pois sinto no meu dentro a dura pedra
que pra durmir pon Dios alá no fondo
de tódalas segredas
ondas do mar, que non serán palabras,
nin xiquera son ar, nin voz xiquera.

Eu dareiche delor, co tempo a tempo,
delor sin ti, sin min, sin a sinxela
cantiga de esta vida que me morre,
que me moe, moendo á miña veira;
moéndome amodiño vou morrendo,
como o mar moe ó mar, unha mar chea,
que morre cada día dende sempre
(eu dareiche delor) a mar inmensa.

O soño sulagado, **Celso Emilio Ferreiro**

A pureza da boca **9**

E todo se nos volve fugaz e transitorio
se esquecemos a luz
Se non vemos a luz como presaxio
a desvelar as sombras

Se non descubre a seducción dos labios
que son libres
A pureza da boca cando cala
A pureza da boca cando fala en gaélico
A pureza da boca cando canta un alalá
perdido

Os oficios humildes
madeiras de abeleira serradas nun alpendre
coa saudade da patria
cando nacen as xestas na harmonía do cosmos

e o *Celtic twilight* mesmo
que concede ó poeta tantos saberes feéricos

Luz Pozo Garza, *As arpas de Iwerddon (2004)*

10

O CARRO

Vida: Tempo é xa
de alongare os camiños
na pisada valeira dos mansos bois e cansos:
vai no eixo o teu centro, e van na roda os sonos
beirados de silveiras e tenros vagalumes.
E vai dando ao teu ser antigo, estarabouzo
feito de amor e xebre e restroballo,
a forma inaprensibre
na doce señardá das corredoiras:
a dór que non se vai, non, que non se vai, que non
se vai.

Fabulario novo, **Manuel Cuña Novás**

11

EU

Eu son un home triste,
eu son un neno canso
e teño unha voz murcha,
como unha mau de néboa
rubindo cara ó sol;
unha mau a buscar
a Túa mau infinita.

Eu son un home triste
que ando a pensar en min
i a cavilar en Ti.

Eu son un home
que te busca na terra
e non te ve nas rosas.
Que cando pensa acharte
nuns ollos translucentes,
decátase de que iles
son ollos de door,
ollos de cas que sufren
e bois baixo aguilladas,
ollos con moitas bágoas.

Entón, Señor, ti fuxes,
i estas maus que son terra
somentes terra apreixan.

Eu son un home triste.

Antón Tovar, *Arredores* (1962)

12

Olla a Terra sen ollar pois nada
tes, corazón, e nada tes: calados
bater do mar, bater, son desterrado,
vouga vaga de noite desvelada.

xabre de soño sen soñar, soñada
vida, rendida vida, xerfa, atado
corazón, nada tes, e nada, arado
corazón, nada tes, Morte anainada.

Morte anainada, corazón dos días,
ti qué querías, corazón querías
amar, vivir, vivir, e non tes Terra

onde axionllar siquer teu ardimento,
onde cavar a voz do desalento
teu, ora que a alta Noite te desterra.

Arcadio López Casanova, *Mesteres*

12

BANDO
Proíbese por orde da Alcaldía
que medren porque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia para voar.
Proíbeselle á lúa
andar ceiba de noite polo ceo.
A lúa é unha tola que anda espida
dando mal exemplo ás nenas castas
e aos fillos de familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Proíbese soñar de 10 a 11.
Proíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chorar tan só cando hai sequía
pra que non fiquen valdeiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os Xoves e os Domingos
cando toca
a Banda do Concello no quiosco.
Están fóra da Lei
as estrelas, a Primavera,
as flores e os paxaros.
Dase este bando en tal e cual
pra que se cumpra
de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.

Manuel María, *Documentos persoaes*

14

LETANIA DE GALICIA

GALICIA digo eu ún di *GALICIA*
GALICIA decimos todos *GALICIA*
Hastr'os que calan din *GALICIA*
E saben *sabemos*

GALICIA da door chora *á forza*
GALICIA da tristura triste *á forza*
GALICIA do silencio calada *á forza*
GALICIA da fame emigrante *á forza*
GALICIA vendada cega *á forza*
GALICIA tapeada xorda *á forza*
GALICIA atrelada queda *á forza*

libre pra servir *libre pra servir*
libre pra non ser *libre pra non ser*
libre pra morrer *libre pra morrer*
libre pra fuxir *libre pra fuxir*

GALICIA labrega *GALICIA nosa*
GALICIA mariñeira *GALICIA nosa*
GALICIA obreira *GALICIA nosa*

GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda

recóllote da TERRA estás mui fonda
recóllote do PUEBLO están n'il toda
recóllote da HISTORIA estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou a malla d'argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa

Uxío Novoneyra

15

Verba estirpe, marmaña, Sárdoma na Terra.
Eran estas as nocións: touza, carqueixa,
corga, Carnota. As gandaras do sentido, as poulas
nas que o ser se entorga: toutizos, coios.
Támega, Tamuxe, Tameiga, tal
como brañas enchoupadas, Arnoia
que é escomincipio e a derradeira frouma do alentar meu.
Visitarme, Arousa, paúlo.
Deixa que che meta os dedos na boca, señora miña Arousa.
Un peirao na Barbanza que se chama Pondal.
E cabernas de arca, e cabernas de couso.
Arteixo vira en cambas polos cotos herdados,
polas searas do esprito que nunca foi vencido.
Esposo mascato e, píllara tímida eu.
Dille berce ao inimigo, e veralo esmaciar.
En Patria río hai que chega a ser chamado Eu, ou qué.
Deva devala en meras, por panasqueiras tenras,
polos biduídos dos bidos lonxanos.
Primeira cousa: a lousa, morte ao estranxeiro opresor.
Toxo esgrevio acódenos, arnal, por consolarnos na desfeita.
Lamas, Ulla, Limia, Illó: carpazona, eih, coa virilla quente.
Ai, como tu es veiga pre min.
A túa crencha, prenda, teu buraco, teu buraquiño, bouza.
Cómo sodes, as senras, qué cabazo.
As cabanas de colmo a poboarnos a ánima esfragada
neses caborcos.
Os beizos, as várceas, a saudade.
Non esquenzas as verbas estirpe
que son morte pró estranxeiro opresor, elas nos lavan.
Sempre dirás: URCES.
Repite: os carballos.

Estirpe, **X.L.Méndez Ferrín**

16

O poeta é un cazador alucinado:
Atrapa a verba, atrapa a bolboreta
que se queima en faíscas decontado;
atrapa mesmo un soño de poeta.

É o cazador poeta nese instante
en que son ollo e ráfega un latexo
que calla o sangue en rio fulgurante
como se for un lóstrego ao asexo.

E sae o cazador e a sua sombra
—sae o poeta e a sua encarnadura—
(que é como quen do seixo a luz escombra
por ver da selva toda a fermosura).

Última fuxida a Harar. **X. L. Méndez Ferrín**